

EGAP

Escola Galega de Administración Pública

Obxectivos do curso

Pretende que os alumnos adquiran os coñecementos teórico-prácticos e habilidades que lles capaciten para traballar nas disciplinas da ordenación do noso solo e responsabilizarse dos procesos de xestión do territorio. O estudo do urbanismo e a ordenación territorial faranse partindo da normativa urbanística española estatal, facendo referencia, nos aspectos de maior interese, á normativa autonómica e, especialmente, á da Comunidade Autónoma galega.

Combina o estudo dos fundamentos teóricos cunha completa formación práctica que no ámbito urbanístico é variada e complexa.

Destinatarios

Persoal das diferentes administracións públicas de Galicia: funcionarios de carreira ou persoal interino dos grupos A e B que estean en posesión do título de licenciado, arquitecto, arquitecto técnico ou enxeñeiro e persoal laboral dos grupos I e II que se encontren en posesión de calquera dos títulos anteriormente citados, a todos aqueles interesados en obter unha formación especializada no campo do urbanismo. Profesionais en exercicio do ámbito urbanístico que necesitan actualizar os seus coñecementos en xestión urbanística.

Directores académicos:

Ignacio Soto González, xefe do Servizo de Planeamento e Xestión do Concello de Santiago de Compostela.

Juan J. Raposo Arceo, profesor titular da UDC.

Información

<http://egap.xunta.es> | 881 997 014 / 981 546 241

CURSO SUPERIOR DE TÉCNICO DE URBANISMO 2012

setembro de 2012 ➤ xullo de 2013

EGAP | Rúa Madrid, 2-4 | 15704
Santiago de Compostela

Programa

O programa componse de cinco módulos que abranguen todas as disciplinas do dereito urbanístico dende unha perspectiva xeral; son os seguintes:

MÓDULO I

A escala territorial.

MÓDULO II

O planeamento urbanístico.

MÓDULO III

A execución urbanística.

MÓDULO IV

Talleres.

MÓDULO V

Talleres.

Sesión inaugural

- **27 de setembro de 2012**

10:00 | Inauguración.

10:30 | Lección inaugural a cargo de Tomás-Ramón Fernández Rodríguez.

Catedrático emérito da Universidade Complutense de Madrid; membro da Real Academia de Xurisprudencia e Lexislación.

11:30 | Descanso.

12:00 | Juan Ramón Fernández-Torres.

Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade Complutense de Madrid.

MÓDULO I

A escala territorial

Os cambios económicos, sociais e ambientais que estamos a vivir supoñen novos desafíos nos ámbitos urbanístico e territorial para as cidades, rexións e países. Para favorecer un desenvolvemento económico social e ambientalmente sostible requírese tanto de axeitados instrumentos de planificación e xestión das cidades e do territorio, coma de capacidades técnicas e profesionais para poñelos en marcha e mantelos constantemente actualizados. O resultado do proceso de planificación, deseño e xestión territorial condiciona profundamente a **ordenación territorial** das actividades humanas. Ademais, o contexto socioeconómico en que evolucionan os sistemas está fortemente regulado pola intervención dos axentes sociais, o que condiciona a marxe de manobra dos xestores.

O novo territorio debuxado pola globalización deu lugar a unha estrutura baseada na mobilidade espacial xerando problemas sociais e económicos derivados da exclusión que xera a distancia espazo-temporal e unha inexistencia de memoria emocional. Estase a xeneralizar a memoria inmediata: convertémonos nunha sociedade nómada que satisfai as súas necesidades en puntos concretos do espazo, lugares repetitivos e carentes de singularidade, interconectados por canles de transporte que pola cotianeidade do seu uso practicamente temos invisibilizado.

O proceso de ordenación e xestión territorial está integrado por coñecementos e prácticas provenientes de campos científicos e praxes profesionais diversas que conflúen e se combinan nesta disciplina.

O obxectivo xeral do modulo é actualizar e perfeccionar coñecementos e habilidades para promover e xestionar o desenvolvemento sostible de cidades e territorios dende unha visión multidisciplinar e integrada.

I. A ordenación normativa do territorio | 12 h. lectivas

- **4 de outubro de 2012 | 10:00 a 14:30**

José Antonio Aldrey Vázquez.

Profesor titular de Análise Xeográfica Rexional da USC.

1. A ordenación do territorio: concepto e evolución histórica.
2. Ordenación do territorio e organización do territorio.
3. A ordenación do territorio na Comunidade Autónoma de Galicia: análise da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de Ordenación do Territorio de Galicia.
4. Instrumentos de ordenación do territorio na Comunidade Autónoma de Galicia.

- **4 de outubro de 2012 | 16:00 a 20:30**

Presentación do taller.

- **11 de outubro de 2012 | 10:00 a 14:30**

Manuel Borobio Sanchiz.

Director xeral de Sostibilidade e Paisaxe da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

1. As Directrices de Ordenación do Territorio (DOT).

- **11 de outubro de 2012 | 16:00 a 20:30**

Taller.

- **18 de outubro de 2012 | 10:00 a 14:30**

Miriam García García.

Arquitecta en LandLab, laboratorio de paisaxes; profesora na Escola de Enxeñaría e Arquitectura da Universidade de Zaragoza, Máster de Arquitectura de Paisaxe do CEU.

1. Ordenación, planificación e xestión do litoral.

- **18 de outubro de 2012 | 16:00 a 20:30**

Taller.

II. Recoñecemento do territorio 8 h. lectivas

- **25 de outubro de 2012 | 10:00 a 14:30**

Daniel González Franco.

Arquitecto, director da área de Ordenación do Territorio e Urbanismo de IDOM Galicia.

1. O territorio como sistema integrado: a transformación medio físico.
2. Información, diagnóstico e análise do medio natural.

- **25 de outubro de 2012 | 16:00 a 20:30**

Taller.

- **8 de novembro de 2012 | 10:00 a 14:30**

Miguel Ángel Martínez López.

Profesor do Departamento de Socioloxía II da Universidade Complutense de Madrid.

1. Socioloxía do espazo: Compoñentes e instrumentos sociolóxicos na planificación e Ordenación do Territorio.
2. A cidade fragmentada: divisións socio-espaciais, desigualdade e exclusión espacial.

- **8 de novembro de 2012 | 16:00 a 20:30**

Taller.

III. Instrumentos e técnicas de actuación territorial | 4 h. lectivas

- **15 de novembro de 2012 | 10 :00 a 14:30**

Xosé Constenla Vega.

Consultor urbanista en IDOM, profesor asociado de Xeografía da Universidade Carlos III de Madrid.

1. Sistemas de Información Xeográfica (SIG).
2. Metodoloxías de diagnóstico e análise territorial (elaboración de proxectos, análise estratéxica, prospectiva, etc).
3. A avaliación da intervención no territorio.

- **15 de novembro de 2012 | 16:00 a 20:30**

Taller.

IV. Territorio e medio ambiente 4 h. lectivas

- **22 de novembro de 2012 | 10:00 a 14:30**

Albert Cuchi i Burgos.

Dr. arquitecto, profesor titular da Universidade Politécnica de Cataluña.

- A planificación do territorio en espazos sensibles ou vulnerables.
- Os riscos naturais e antrópicos e a planificación territorial.
- Os espazos naturais protexidos (ENP): problemas de planificación, uso e xestión.

- **22 de novembro de 2012 | 16:00 a 20:30**

Taller.

- **29 de novembro de 2012 | 10:00 a 14:30**

Salvador Rueda Valenzuela.

Axencia Catalana de Ecoloxía Urbana de Barcelona.

- Desenvolvemento territorial e desenvolvemento urbano, criterios de sostibilidade.
- A política de medio ambiente na Unión Europea.
- O dereito ao medio ambiente na Constitución, distribución de competencias; ordenación do territorio, urbanismo e medio ambiente.
- A avaliación ambiental e a ordenación urbanística.
- O medio ambiente urbano.

- **29 de novembro de 2012 | 16:00 a 20:30**

Taller.

V. Planificación territorial 12 h. lectivas

- **13 de decembro de 2012 | 10:00 a 14:30**

Juan Requejo Liberal.

Licenciado en Ciencias Económicas e Xeografía. Director da consultora Clave, S.L.

- Ordenación territorial. Planificación territorial.

- **13 de decembro de 2012 | 16:00 a 20:30**

Taller.

- **20 de decembro de 2012 | 10:00 a 14:30**

Román Rodríguez González.

Profesor titular de Análise Xeográfica Rexional da USC.

1. Evolución histórica das formas de organización territorial.
2. Goberno Territorial: colaboración, participación e novas formas de goberno do territorio
3. Grandes equipamentos e infraestruturas: elementos estruturantes na ordenación territorial
4. O imperativo da sostibilidade medio ambiental na ordenación do territorio.
5. A “Estratexia Territorial Europea”: un desenvolvemento a escala rexional: A Estratexia Territorial en Galicia
6. Novos instrumentos de intervención e xestión do territorio: planificación estratéxica.

- **20 de decembro de 2012 | 16:00 a 20:30**

Taller.

- **10 de xaneiro de 2013 | 10:00 a 14:30**

Andreas Hildenbrand Scheid.

Profesor asociado da ETSA de Sevilla.

1. As infraestruturas
2. Transporte e tráfico urbano: urbanismo e transporte; mobilidade; viario e tráfico; transporte público.

- **10 de xaneiro de 2013 | 16:00 a 20:30**

Exposición do traballo de análise territorial.

MÓDULO II

O planeamento urbanístico

O módulo que nos ocupa formula como núcleo esencial o planeamento urbanístico, onde se concretan as normas do uso do solo e a edificación.

Podemos afirmar que existe un progresivo proceso de perda de identidade do espazo urbano, tanto nos novos crecementos coma nos espazos consolidados, nos que se trata de preservar a cidade herdada a través de xestións parciais e actuacións puntuais. Así mesmo obsérvase un crecente número de espazos intersticiais abandonados ou menosprezados; asociados fundamentalmente a ámbitos que perderon a súa función ou ás infraestruturas, que se invisibilizan por múltiples razóns e que compoñen unha rede de paisaxes esquecidas, fortemente degradadas e nas que xorden problemas sociais, ambientais, que poden estenderse aos ámbitos próximos que poden ter un importante valor paisaxístico.

É tamén obxectivo deste módulo a análise da regulación do urbanismo en Galicia que foi cobrando especial complexidade nos últimos anos, como consecuencia do sistema de distribución competencial entre Estado e Comunidades Autónomas. Así mesmo, farase especial referencia á lexislación galega actual e á nova Lei do Solo estatal e a súa incidencia na lexislación urbanística galega.

Defínense os principios xerais que rexen o urbanismo, así como o contido básico dos dereitos e deberes dos suxeitos afectados: cidadáns, propietarios e particulares en xeral que poden participar no proceso de transformación urbanística do solo.

Así mesmo, analizaranse as situacións básicas do solo segundo a nova Lei estatal e a clasificación do solo segundo a normativa autonómica.

Polo tanto, é de suma importancia a comprensión deste módulo que, como introdución xeral ao dereito urbanístico e ao estatuto xurídico do dereito de propiedade, supón o asentamento dos primeiros coñecementos urbanísticos que son esenciais para a análise do resto das materias do curso.

O planeamento formúlase como a base fundamental e necesaria de toda ordenación. Mediante os plans atribúese ao terreo unha capacidade inicial de edificación pero para a súa consolidación será necesario o cumprimento dunha serie de obrigas e cargas que han de cumprirse no prazo previsto no propio plan.

Para iso propónse neste módulo o estudo do planeamento en todas as súas dimensións territoriais, partindo da ordenación propia de ámbitos supramunicipais ata un estudo moito máis amplo, pormenorizado e completo da que en todas as súas manifestacións se localiza no municipio, analizando os criterios teóricos para a elección de figuras de planeamento municipal.

Así, o obxectivo principal deste módulo é o estudo pormenorizado e a comprensión dos documentos e contidos que manifestan as diferentes figuras de planeamento que se mostran e se relacionan co desenvolvemento urbanístico municipal.

VI. Evolución histórica da Lexislación urbanística galega 4 h. lectivas

- **17 de xaneiro de 2013 | 10:00 a 14:30**

José Norberto Uzal Tresandí.
Director xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

1. Evolución do urbanismo. A Lei do Solo do 12 de maio de 1956. As reformas de 1975 e 1990.
2. O marco constitucional do urbanismo.
3. As leis urbanísticas posteriores á Constitución. O Texto Refundido de 1992.
4. A Sentenza 61/1997 do Tribunal Constitucional.
5. Principios e obxectivos xerais da nova Lei do Solo estatal.
6. Competencias do Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais.
7. Lexislación urbanística galega
8. Outra lexislación sectorial de incidencia territorial

- **17 de xaneiro de 2013 | 16:00 a 20:30**

Presentación da segunda parte do taller.

VII. Réxime Urbanístico do solo: Principios Xerais | 16 h. lectivas

- **24 de xaneiro de 2013 | 10:00 a 14:30**

Eduardo Sobrino Rodríguez.
Subdirector xeral de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

- Ordenación do territorio e a súa conexión coa planificación urbanística.

- **24 de xaneiro de 2013 | 16:00 a 20:30**

Taller.

- **31 de xaneiro de 2013 | 10:00 a 14:30**

Juan Raposo Arceo.
Profesor titular da Universidade da Coruña.

1. O dereito de propiedade do solo.
2. O Estatuto da propiedade do solo: facultades e deberes.
3. Solo urbano - Solo urbanizado.

- **31 de xaneiro de 2013 | 16:00 a 20:30**

Taller.

- **7 de febreiro de 2013 | 10:00 a 14:30**

Carmen Rodríguez.

Xefa da Sección Xurídica II do Servizo Técnico Xurídico, Secretaría Xeral Técnica, Consellería de Economía e Industria.

4. Solo Rústico, Solo non urbanizado.
 1. Réxime.
 2. Categorias.
 3. Condicións de uso.
 4. Condicións de edificación.

- **7 de febreiro de 2013 | 16:00 a 20:30**

Taller.

- **14 de febreiro de 2013 | 10:00 a 14:30**

Ignacio Soto González.

Xefe do Servizo de Planeamento e Xestión do Concello de Santiago de Compostela.

5. Solo de núcleo rural.
 1. Réxime.
 2. Dereitos e deberes.
 3. Condicións de uso.
 4. Condicións de edificación.
 5. Categoría.

- **14 de febreiro de 2013 | 16:00 a 20:30**

Taller.

VIII. Instrumentos de Planeamento Xeral | 8 h. lectivas

- **21 de febreiro de 2013 | 10:00 a 14:30**

María Encarnación Rivas Díaz.

Secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

1. Planeamento urbanístico.
2. Incidencias da normativa sectorial.
3. Normas subsidiarias e complementarias.
4. Normas de aplicación directa.

- **21 de febreiro de 2013 | 16:00 a 20:30**

Taller.

- **28 de febreiro de 2013 | 10:00 a 14:30**

José Juan Cebrían Tello.

Catedrático da ETSA da UDC, director do Departamento de Proxectos, Arquitectura e Urbanismo.

5. Plan Xeral de Ordenación Municipal.

- **28 de febreiro de 2013 | 16:00 a 20:30**

Taller.

IX. O Planeamento de Desenvolvemento | 12 h. lectivas

- **7 de marzo de 2013 | 10:00 a 14:30**

Óscar Pena Sánchez.

Arquitecto responsable da Sección de Planeamento do Concello da Coruña.

1. Análise teórica e xurídica das figuras de planeamento de desenvolvemento e criterios para a elección de figuras de planeamento municipal.

- **7 de marzo de 2013 | 16:00 a 20:30**

Taller.

- **14 de marzo de 2013 | 10:00 a 14:30**

Jacinto Lareo Jiménez.

Profesor asociado de Dereito Administrativo da Universidade de Vigo.

2. Os Plans parciais. Plans de Sectorización

- **14 de marzo de 2013 | 16:00 a 20:30**

Taller.

- **21 de marzo de 2013 | 10:00 a 14:30**

Alfonso Díaz Revilla.

Arquitecto urbanista.

3. Os Plans especiais.

- **21 de marzo de 2013 | 16:00 a 20:30**

Taller.

X. A vivenda | 4 h. lectivas

- **4 de abril de 2013 | 09:00 a 11:00**

Luis Míguez Macho.

Profesor titular de Dereito Administrativo da USC, decano da Facultade de Dereito da USC.

1. A cohesión social e o planeamento.
2. Políticas de vivenda.
3. Demografía e planificación urbana.
4. Réximes de protección da vivenda.

- **4 de abril de 2013 | 11:30 a 14:30**

Ángel Panero Pardo.

Arquitecto do Consorcio de Santiago de Compostela.

5. A renovación urbana.

- **4 de abril de 2013 | 16:00 a 20:30**

Taller.

MÓDULO III

A execución urbanística

Se se partiu do estudo do estatuto xurídico do dereito de propiedade definido pola lexislación urbanística aplicable en cada caso e con posterioridade procedeuse á elaboración do planeamento como documentación lexitimadora da actividade de xestión, chega o momento de materializar física e xuridicamente estas determinacións co desenvolvemento da xestión do solo.

Este módulo ten como obxecto principal a análise dos instrumentos materiais e xurídicos necesarios que nos permitirán levar á práctica a execución das determinacións das leis e o planeamento.

En consecuencia, o contido deste módulo abrangue de forma ampla as distintas figuras sistemáticas de xestión integral tanto públicas coma privadas (expropiación, cooperación, compensación, axente urbanizador) así como as figuras de xestión puntual como as actuacións asistemáticas, e os convenios urbanísticos, ofrecendo un estudo amplo dos seus aspectos xurídicos como instrumentos fundamentais para a práctica urbanística.

Ao anterior engádense as figuras de materialización física da xestión como son os proxectos de urbanización e de obras de urbanización.

No conxunto da actividade destinada ao control da edificación e o seu uso a Administración goza dunha serie de instrumentos como son o outorgamento de licenzas, a esixencia do deber de conservación e ordenes de execución, ou a declaración de ruína así como os procedementos sancionadores e mecanismos para restaurar a

legalidade urbanística vulnerada, como son ordénelas de execución. Este módulo inclúe tamén a análise de todos e cada un destes instrumentos que permiten á Administración o control da legalidade no desenvolvemento da actividade urbanística.

Así mesmo complétase co estudo dos Patrimonios Públicos do Solo, os dereitos de tanteo e retracto e o dereito de superficie, cuxo coñecemento poden reportar solucións de oportunidade, a problemas urbanísticos concretos

XI. Execución do Planeamento (I): Presupostos legais | 8 h. lectivas

- **11 de abril de 2013 | 10:00 a 14:30**

Xosé Francisco Freire Corzo.

Arquitecto xefe do Servizo de Asistencia a Municipios da Deputación da Coruña.

1. Normas de sustentabilidade ambiental e calidade urbana. División en distritos e sectores.
2. Áreas de repartición e aproveitamento tipo.
3. Efectos da aprobación, publicidade, vixencia, modificación e revisión dos plans.
4. Presupostos da execución. Competencia e procedemento.
5. Delimitación de unidades de execución.
6. Actuacións sistemáticas e illadas.

- **11 de abril de 2013 | 16:00 a 20:30**

Exposición do traballo de planeamento urbanístico.

- **18 de abril de 2013 | 10:00 a 14:30**

Berta Rosón López.

Técnica do Concello de Santiago de Compostela.

7. Fases do procedemento: cesión e equidistribución, urbanización e edificación.

8. Participación da Comunidade nas plusvalías urbanísticas.

9. Acción urbanística e iniciativa privada.

10. Repartición equitativa de beneficios e cargas.

- **18 de abril de 2013 | 16:00 a 20:30**

Presentación do taller de xestión urbanística.

XII. Execución do Planeamento (II): Actuacións sistemáticas 16 h. lectivas

- **25 de abril de 2013 | 10:00 a 14:30**

Carlos A. García Novio.

Avogado urbanista.

1. O sistema de compensación. O sistema de concerto.

- **25 de abril de 2013 | 16:00 a 20:30**

Antonio Feijóo Miranda.

Avogado urbanista.

2. O sistema de cooperación.

- **2 de maio de 2013 | 10:00 a 14:30**

Juan Bértolo Cadenas.

Enxeñeiro de camiños, canles e portos. Doutor en Dereito.

3. As expropiacións de carácter urbanístico.

- **2 de maio de 2013 | 16:00 a 20:30**

Miguel García Iglesias.

Avogado urbanista.

4. Outros sistemas de execución. especial referencia á concesión de obra urbanizadora.

XIII. Execución do Planeamento (III): actuacións asistemáticas 4 h. lectivas

- **16 de maio de 2013 | 10:00 a 14:30**

José Ángel Oreiro Romar.

Director da Área de Urbanismo e Infraestruturas do Concello de Santiago de Compostela.

1. Actuacións asistemáticas.

2. Execución directa de dotacións públicas.

- **16 de maio de 2013 | 16:00 a 20:30**

Taller.

XIV. Execución do Planeamento (IV): A urbanización | 4 h. lectivas

- **23 de maio de 2013 | 10:00 a 14:30**

Enrique Seoane Prado.

Profesor asociado do departamento de proxectos da ETSA da UDC.

Arquitecto do Concello de Santiago.

1. O proxecto de urbanización.
2. Servizos urbanos e redes de infraestrutura.
3. Implantación de servizos e dotacións.
4. Equipamentos. O espazo público urbano. Criterios de deseño.

- **23 de maio de 2013 | 16:00 a 20:30**

Taller.

XV. Convenios urbanísticos 4 h. lectivas

- **30 de maio de 2013 | 10:00 a 14:30**

Ulises Bértolo García.

Avogado urbanista.

1. Convenio urbanístico de planeamento.
2. Convenio urbanístico de execución.
3. Convenio urbanístico de expropiación.
4. Convenio urbanístico entre Administracións Públicas.
5. Impugnabilidade dos Convenios urbanísticos.
6. Aspectos rexistrais.

- **30 de maio de 2013 | 16:00 a 20:30**

Taller.

XVI. Protección da Legalidade Urbanística | 4 h. lectivas

- **6 de xuño de 2013 | 10:00 a 14:30**

María Martínez Allegue.

Directora da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

1. Actos edificatorios irregulares.
2. Licenza de primeira ocupación.
3. Servizos de inspección urbanística.
4. Medios de defensa dos particulares.
5. Réxime sancionador: infraccións e sancións urbanísticas.

- **6 de xuño de 2013 | 16:00 a 20:30**

Presentación do taller de disciplina urbanística.

XVII. Intervención Administrativa na Edificación e Uso do Solo (I) | 8 h. lectivas

- **13 de xuño de 2013 | 10:00 a 14:30**

Juan Manuel Trayter Jiménez.

Catedrático de Dereito Administrativo da Universidade de Girona.

- Ordenación do territorio e planificación urbanística en Francia e Italia.

- **13 de xuño de 2013 | 16:00 a 20:30**

Taller.

- **20 de xuño de 2013 | 10:00 a 14:30**

María Concepción Campos Acuña.

Secretaria de Goberno Local do Concello de Vigo.

- Procedemento de outorgamento de licenzas.
- Eficacia e extinción das licenzas.
- Revisión xurisdiccional.

- **20 de xuño de 2013 | 16:00 a 20:30**

Taller.

XVIII. Intervención Administrativa na Edificación e Uso do Solo (II)

4 h. lectivas

- **27 de xuño de 2013 | 10:00 a 14:30**
M^a Teresa Morán Calero.
Xefa do Servizo de Arquitectura, Vivenda e Rehabilitación do Concello da Coruña.
 1. O deber de conservación.
 2. As ordes de execución.
 3. Réxime da declaración de ruína.
 4. Os patrimonios públicos do solo: municipal e supramunicipal.
 5. O dereito de superficie.
 6. Os dereitos de tanteo e retracto.

XIX. Valoracións urbanísticas

4 h. lectivas

- **27 de xuño de 2013 | 16:00 a 20:30**
Carlos Otero Schmitt.
Arquitecto.

1. Catastro.
2. Taxacións e valoracións.
3. Fiscalidade e Urbanismo.

XX. Acceso ao Rexistro da Propiedade das Actuacións Urbanísticas | 4 horas lectivas

- **4 de xullo de 2013 | 09:00 a 14:30**
Héctor Pardo García.
Notario de Santiago de Compostela.
 1. Actos inscribibles.
 2. Os proxectos de equidistribución.
 3. As expropiacións urbanísticas.
 4. Cesiões de terreos.
 5. Aproveitamento urbanístico.
 6. Obras novas.
 7. Actos de parcelación.
 8. Transmisións suxeitas a tanteo e retracto.
 9. Venda forzosa.
 10. Anotacións preventivas.
 11. Notas marxinais.
- **4 de xullo de 2013 | 16:00 a 20:30**
Carlos Pérez González.
Asesor xurídico de urbanismo e medio ambiente do Concello de Sada.
Profesor asociado da Universidade da Coruña.
 1. As licenzas urbanísticas: concepto e natureza.
 2. Actos suxeitos a licenza.
 3. Suxeitos obrigados.
 4. Clases de licenzas urbanísticas.

- **11 de xullo de 2013 | 09:00 a 14:30**

Gerardo García Álvarez.

Catedrático de Dereito Administrativo e director do Departamento de Dereito Público da Universidade de Zaragoza.

- Ordenación do territorio e planificación urbanística en Portugal e Gran Bretaña.

MÓDULO IV

Talleres

Durante o curso efectuaranse varias prácticas relacionadas cos temas a desenvolver en cada módulo, onde se aplicarán as ensinanzas impartidas. A realización do taller realizarase en grupos multidisciplinares dun máximo de oito ou nove persoas en función das características e necesidades de cada práctica. Como exemplos destas prácticas poderán considerarse as seguintes:

1. Diagnóstico a escala territorial dun municipio costeiro próximo a Santiago de Compostela.
2. Realización dun planeamento de desenvolvemento en ámbitos de oportunidade (urbanos ou rurais) definidos no diagnóstico territorial anterior.
3. Realización do proceso de xestión do planeamento de desenvolvemento.
4. Instrución de expedientes de control da legalidade urbanística.
5. Instrución de expedientes de licenzas de obras e actividades.

MÓDULO V

Talleres

Realizarase un traballo individual que versará sobre un estudo e análise en torno a problemas técnicos, teorías ou políticas aplicadas para o coñecemento ou actuación sobre unha materia daquelas que constitúen o obxecto dalgún dos contidos do programa. O seu nivel terá carácter de tese de investigación. O tema obxecto do traballo será proposto polo alumno, acompañándose dun guión de desenvolvemento.

MODULO I: 44 horas teóricas, 44 horas prácticas

Titor do taller: **Alfonso Díaz Revilla.**

MODULO II: 44 horas teóricas, 44 horas prácticas

Titor do taller: **Xosé Francisco Freire Corzo.**

MODULO III: 60 horas teóricas, 28 horas prácticas

Titores do taller: **José María Domínguez Blanco e Carlos A. García Novio.**